



En valores absolutos, o Parlamento disporá de 1.033.640 euros menos ca en 2009 no seu orzamento desagregado

## **O Parlamento de Galicia apreta o cinto e reduce o seu presuposto específico nun 5,29% para 2010**

- O Capítulo VI, de investimentos, é o máis sacrificado, cun recorte do 50%
- A tixeira aplicase tamén aos gastos protocolarios, como xa se visualizou ao eliminar os agasallos que viñan recibindo os deputados e o persoal da Cámara, as ceas navideñas ou as tarxetas de felicitación, por un valor total de preto de 100.000 euros

**Santiago, 4 de xaneiro de 2010.-** O presuposto desagregado específico do Parlamento de Galicia para o ano 2010 redúcese nun 5,29%, ao pasar de 19.557.200 euros de 2009 a 18.523.560 euros programados para 2010, o que supón un recorte de 1.033.640 euros en termos absolutos.

Para acadar esa redución do 5,29% nas contas do Parlamento, a Cámara aplicará en 2010 recortes en practicamente tódalas partidas, se ben estes afectarán especialmente ao capítulo VI, de investimentos reais, que sofre unha caída de arredor do 50%.

Os recortes teñen, ademais, unha especial incidencia en partidas prescindibles que afectan a materias como as atencións protocolarias ou a propaganda.

## **Sen agasallos navideños**

O tixeirazo aplicado nos gastos protocolarios xa se visualizou nestas celebracións navideñas, nas que se suprimiron os agasallos que viñan recibindo os deputados e o persoal da Cámara, as ceas navideñas ou as tarxetas de felicitación, o que permite un aforro de preto de 100.000 euros

Simultaneamente, o Parlamento galego decidiu habilitar unha partida excepcional de axudas a institucións, asociacións e ONG que contan con comedores sociais en Galicia e que prestan asistencia a un crecente volume de persoas e familias, as máis afectadas pola crise económica.

No marco da política de contención do gasto derivada da crise económica xeral, unha das primeiras medidas impulsadas pola presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, ao inicio da actual lexislatura, Pilar Rojo, consistiu xa na implantación dun plan de austeridade que permitiu reducir os gastos do Parlamento 1,7 millóns de euros no último cuadrimestre do ano que acaba de rematar..

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia